



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
Servizo de Patrimonio e Contratación

Expediente: PCO.001.2024.00472

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DP 3108 ACCESO A ALMEIRAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS; RUA SAN XIAO (CULLEREDO). INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2024 (2024.1110.0001.0)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade co acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o 2 de febreiro de 2024 no que se aprobaron os proxectos integrados no plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024.

RESOLVO

Contratar mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo), e con arranxo ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26 de febreiro do 2021 (BOP 42 de 04 de marzo do 2021), as obras incluídas no plan Investimentos en Vías Provinciais aprobado o 2 de febreiro de 2024 que se relacionan.

DENOMINACIÓN	DP 3108 ACCESO A ALMEIRAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS; RUA SAN XIAO (CULLEREDO)
CÓDIGO	2024.1110.0001.0
ORZAMENTO	290.368,49 euros
PRAZO DE EXECUCIÓN	4 meses

Información do contrato:

1. Tipo de contrato: Obras.
2. Procedemento: Aberto con único criterio de valoración (factor prezo).

O financiamento do contrato poderá efectuarse con cargo á aplicación 0410/4531/60900

Nº Operación	Fase	Data	Proxecto	Importe euros
220240013979	A	15/04/2024	2024 2 11100 1	290.368,49 €